



Expediente número: 1953/2017

**Sesión Ordinaria 04/2017 celebrada polo Pleno do Concello
o día 30 de marzo de 2017**

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 3/2017 do 02/03/2017**
- 2. Dar conta dos Expedientes de Modificacións de crédito: 02/2017.GC 02/17 e 03/2017.TC01/17**
- 3. Aprobación da Modificación das Ordenanzas Fiscais Reguladoras da taxa por recollida de lixo no Concello de Redondela, da taxa de alcantarillado e da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.**
- 4. Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por importe de 43.805,94 €**
- 5. Actividades de control do pleno.**
 - 5 . 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.**
 - 5 . 2 Solicitudes de comparecencia.**
 - 5 . 3 Mocións.**
 - 5 . 4 Rogos e preguntas.**

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 24/03/2017, e sendo as vinte horas do 30 de marzo de 2017 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Ángela Antón Pazos, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Isaac Borja Araújo Figueroa, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laiño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera, actuando como secretaria, a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil.

Constitúese válidamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

A concelleira Quintáns Costoya incorporouse á sesión no debate da moción 5.3.3 relativa aos centros de información á muller e ausentouse trala votación 5.3.5 relativa á xestión tributaria.

O alcalde acordou un receso, para un descanso, ás 21:55 e reanúdouse a sesión ás 22:15 horas.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 3/2017 do 02/03/2017

Dáse conta do borrador da acta da sesión plenaria de carácter ordinario número 3/2017 do 02/03/2017.

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

2. Dar conta dos Expedientes de Modificacións de crédito: 02/2017.GC 02/17 e 03/2017.TC01/17

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 02/2017.GC02/2017 mediante a xeración de crédito por importe de 13.501,95 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 20.02.2017.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 03/2017.TC01/2017 mediante a transferencia de crédito por importe de 495,39 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 17.03.2017.

O Concello Pleno quedou enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

3. Aprobación da Modificación das Ordenanzas Fiscais Reguladoras da taxa por recollida de lixo no Concello de Redondela, da taxa de alcantarillado e da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

En relación a este punto retírase da orde do día a proposta para realizar unha nova reconsideración da mesma.

4. Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por importe de 43.805,94 €

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 27/03/2017 que di:

“Vista a proposta da Alcaldía, de data 23 de marzo de 2017, que transcrita di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 23 de marzo de 2017, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.



Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 43.805,94 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2017:

“

| NOME TERCEIRO | Nro.Fact. | Data Fact. | IMPORT E | Aplic. Orzamentaria |
|---|------------------|-------------------|-----------------|----------------------------|
| BAYGAR S.L. | 16200118 | 31-01-16 | 187,55 € | 2411A.20800 |
| BAYGAR S.L. | 16200119 | 31-01-16 | 262,10 € | 2411A.20800 |
| BAYGAR S.L. | 16200707 | 12-02-16 | 453,75 € | 2411A.20800 |
| BAYGAR S.L. | 16200708 | 12-02-16 | 180,09 € | 2411A.20800 |
| BAYGAR S.L. | 200706 | 12-02-16 | 48,40 € | 2411A.20800 |
| BAYGAR S.L. | 2015206496 | 30-09-15 | 184,26 € | 2411A.20800 |
| BAYGAR S.L. | 209034 | 31-12-15 | 187,55 € | 2411A.20800 |
| DOCUMENTACION E IMAGEN DEL NOROESTE, S.L. | 519432R | 29-09-15 | 84,70 € | 2411A.20300 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | 1160210062193 | 06-02-16 | 32,23 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | 1160410204755 | 12-04-16 | 2.347,71 € | 3231A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | 1160610006530 | 03-06-16 | 11,40 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | 1160610058696 | 06-06-16 | 280,70 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | 1160610539656 | 23-06-16 | 227,70 € | 3231A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137003352423 | 03-08-16 | 171,20 € | 3231A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137003741571 | 07-08-16 | 81,84 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137003745700 | 07-08-16 | 217,62 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137003876039 | 11-08-16 | 13,76 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137004806916 | 25-08-16 | 37,93 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137004816001 | 25-08-16 | 36,57 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137006502513 | 20-09-16 | 37,93 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137006508498 | 20-09-16 | 26,68 € | 1651A.22100 |

Concello de Redondela



| | | | | |
|---|------------------|----------|-------------|---------------|
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137007087609 | 29-09-16 | 1.234,53 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137007463050 | 06-10-16 | 22,51 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137007749141 | 09-10-16 | 5,20 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137007851008 | 10-10-16 | 18,42 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137007977602 | 13-10-16 | 39,16 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | FE16137008971060 | 27-10-16 | 37,06 € | 1651A.22100 |
| GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. | FE16321212764747 | 13-09-16 | 104,67 € | 3421A.22100 |
| GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. | FE16321213907466 | 28-09-16 | 98,12 € | 3421A.22100 |
| GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. | FE16321216106266 | 21-10-16 | 162,73 € | 3231A.22100 |
| GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. | FE16321218378227 | 21-11-16 | 174,12 € | 3231A.22100 |
| OBRAS TRANSPORTES Y CTNES FONTEFRÍA, S.L. | A/211 | 19-12-16 | 3.499,92 € | 1531A.61951 |
| OBRAS TRANSPORTES Y CTNES FONTEFRÍA, S.L. | A/212 | 19-12-16 | 1.945,08 € | 1531A.61951 |
| RAUL FRUCTUOSO ARAGUNDE | 63/2016 | 14-12-16 | 695,75 € | 1531A.6190000 |
| ASOC. CULTURAL E SOCIAL de CHAPELA | 30/16 | 19-12-16 | 130,00 € | 3341A.22613 |
| ASOC. CULTURAL E SOCIAL de CHAPELA | 31/16 | 19-12-16 | 130,00 € | 3341A.22613 |
| ASOCIACION CULTURAL ESCUADRA 17 TEATRO | 1/2017 | 15-01-17 | 435,60 € | 3341A.22609 |
| ASOCIACION CULTURGAL | S-00002/17 | 14-02-17 | 550,00 € | 3341A.20800 |
| AUTOS GONZALEZ, S.L. | 16/2810 | 31-12-16 | 93,50 € | 2311B.22610 |
| COMUNIDADE USUARIOS AUGA RIO DAS CABRAS | 2015 | 23-02-17 | 57,00 € | 3331A.22101 |
| COMUNIDADE USUARIOS AUGA RIO DAS CABRAS | 2016 | 23-02-17 | 58,00 € | 3331A.22101 |
| KOREMI, S.L. | 13 | 10-01-17 | 406,56 € | 3341A.22609 |
| MARIA LORENA LOPEZ FERNANDEZ | 2016.026 | 01-12-16 | 3.388,00 € | 3341A.22706 |
| MARIA MERCEDES CARREIRA VARELA | 2/04/2016 | 30-04-16 | 1.270,50 € | 2311B.22604 |
| OBRAS TRANSPORTES Y CTNES FONTEFRÍA, S.L. | 14 | 01-02-17 | 24.047,84 € | 1532A.6190000 |
| PATRICIA ROZADOS VILA | 2016/004 | 12-05-16 | 90,00 € | 3341B.22602 |

“

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a

Concello de Redondela



favor do grupo municipal do PP, e as abstencións dos grupos municipais do PSG-PSOE, AER e BNG, estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que lles chama a atención a factura relativa á xestión cultural xa que están á espera de que se lles facilite a proposta de gasto sobre a persoa que se contratou no museo Meirande e teñen certas dúbidas aínda que van votar a favor.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 4 de AER e 1 do BNG)

5. Actividades de control do pleno.

5 . 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.

O Pleno queda enterado das resolucións da alcaldía a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Xestiona.

5 . 2 Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

5 . 3 Mocións.

5.3.1.Declaración institucional en relación ao día 8 de marzo

ANTECEDENTES:

Moción conxunta do día 24/03/2017 con número 4.206 que se transcribe a continuación:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE REDONDELA “8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES”

O día 8 de marzo, é o Día Internacional da Muller. É un día de vindicación, de denuncia e de reflexión que concita innumerábeis reflexións sobre a violencia machista e permite poñer en evidencia as discriminacións que as mulleres seguen a padecer para acceder en igualdade a un emprego, á educación e á sanidade.

Somos conscentes dos avances normativos que se sucederon para dar recoñecemento e promover a igualdade entre mulleres e homes: dende a Carta das Nacións Unidas, aprobada en 1945, ata o Tratado de Funcionamento da Unión Europea de 1957, e por suposto, a Constitución Española, que se refire á igualdade como un valor, como un principio e como un dereito fundamental.

Malia todo, os acordos internacionais, o dereito comunitario europeo e as leis e demais normas promulgadas no eido estatal e autonómico, que obrigan a aplicar o enfoque xénero en todas as políticas públicas tratando de previr conductas discriminatorias, non bastan para garantir a efectividade do principio de igualdade e o imprescindible



cambio de mentalidade en todos os eidos da realidade social, cultural e económica.

Por iso o 8 de marzo convértese nunha xornada para a denuncia as moitas formas de discriminación por razón de xénero que continúan arraigadas na nosa sociedade, e supoñen un reto que os gobernos locais afrontan con determinación cotiá, conscentes da súa importancia non só como dereito humano básico, senón tamén como elemento esencial para a convivencia, progreso e desenvolvemento social e económico sostible.

O informe do Foro Económico Mundial evidencia a desigualdade vixente cifrando a fenda entre homes e mulleres nun 59% para o 2016, a maior desde 2008. Indica como a pesares de traballar de media máis horas, as mulleres gañan de media pouco máis da metade do que os homes e como se ten estancado a participación das mulleres no mundo laboral: unha media dun 54% de mulleres activas laboralmente fronte a un 81% dos homes. Esta desigualdade pode observarse tamén de forma clara e especialmente simbólica nos postos de responsabilidade que ocupan as mulleres, pois só hai catro países en todo o mundo co mesmo número de homes e mulleres en postos legislativos, por exemplo.

As consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais a partir das reformas laborais teñen contribuído tamén a profundar na desigualdade. Deste xeito, somos as mulleres quen ocupamos as peores porcentaxes de traballo precario, temporal, parcial e bolsas de traballo fóra da lei nun marco onde a lexislación e a inspección son aínda insuficientes. Esta desigualdade esténdese tamén ao ámbito do traballo non remunerado, na que o reparto das responsabilidades repercute negativamente sobre quen agora recibimos a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados coa desculpa da crise económica.

Un ano máis o Pleno da Corporación de Redondela, amosa o seu apoio ás diversas iniciativas desenvolvidas para conmemorar o 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres co fin de mobilizar a todas as persoas e convidalas a debater os xeitos de impulsar o empoderamento das mulleres, erradicar a violencia contra elas en todas as súas formas e reafirmar o seu compromiso cunha sociedade xusta que, a pesar dos obstáculos, permañece intacto.”

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a moción a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

5.3.2. Moción do Ps De G/Psoe sobre Negociación Convenio Pescanova

Por parte da presidenta do comité de empresa dase lectura á seguinte moción:

“Despois de doce meses de negociación de convenio colectivo, e despois de ter transcorridos catro anos sen suba salarial algunha, garantindo a paz social para saír da difícil situación de PESCANOVA tras a nefasta xestión da anterior dirección, a proposta da parte empresarial incide na precarización salarial (rebaixa do salario nunha media do 40% para as novas contratacións) e na flexibilidade da xornada. A parte social entende que os beneficios da empresa non poden depender da rebaixa salarial do cadro de persoal, máis tendo en conta que PESCANOVA é un centro de traballo de máxima importancia para o Concello de Redondela ao depender do consumo que as traballadoras e traballadores xeran nas parroquias que conforman o



devandito Concello.

En atención ao exposto os sindicatos UXT, USO, CIG e CUT presentan os seguintes ACORDOS:

- 1.-Solicitar da Corporación Municipal que lle esixa á empresa reconducir as negociacións de xeito que as traballadoras e traballadores, presentes e futuros, de PESCANOVA manteñan o seu poder adquisitivo e garantan a permanencia dos dereitos adquiridos.
- 2.-Que as administracións públicas garantan a boa xestión dos fondos públicos investidos no GRUPO PESCANOVA”

INTERVENCIONS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que para o BNG é unha satisfacción poder apoiar esta moción que representa o sentir dos traballadores e traballadoras nun sitio no que moitos poden dicir que son fillos de Pescanova. Sinala que o problema ven da mala xestión dos anteriores responsables e da actitude dos traballadores que de xeito responsable non quixeron agravar máis a situación por mor da crise e agora teñen que realizar actos de presión ante a negativa da empresa a negociar. Dí que a oferta patronal é inaceptable xa que conleva a rebaixa dos salarios e a implantación da flexibilidade laboral, precarizando as condicións de traballo cousa que afecta de xeito especial aos novos traballadores que se incorporen . Indica que os representantes sindicais foron moi pacientes coa empresa pero despois tiveron que recurrir a tomar medidas para manter os mesmos dereitos que estaban a disfrutar e para saír reforzados desta situación porque considera que isto vai a beneficiar ao conxunto da poboación.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que apoian as mobilizacións que están levando a cabo xa que a situación é consecuencia da reforma laboral levada a cabo polo Partido Popular. Sinala que calquer gran empresa trata de reducir os salarios especialmente nas novas contratacións polo que os salarios entre traballadores que fan o mesmo pode ser moi diferente. Dí que a precarización é continua e que Pescanova beneficiouse tamén dos plans de emprego deste Concello aproveitándose de man de obra gratuita.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que este non é un caso illado e pensa que o conflito de Pescanova trascende a Redondela, xa que ten outras factorías, como a de Porriño. Dí que faláron cos traballadores para coñecer a súa problemática e finalmente se decidiu traer esta moción aínda que botou a faltar ao Alcalde de Redondela nese intre xa que cree que estivo moi ausente. Indica que a empresa ameazou con metelos nun convenio moi contraproducente pero agora isto xa non é así aínda que quedan por resolver moitas cousas. Indica que isto ven dado pola reforma laboral do ano 2012 en virtude da cal se pretendeu rebaixar salarios e acadar postos de traballo de moita peor calidade.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que están cos traballadores e traballadoras nesta reivindicación xa que se trata dunha empresa de referencia a nivel mundial, moi importante para Redondela e toda a comarca. Sinala que van poñer todo da súa parte para que as negociacións cheguen a bo porto e parécelle que o feito de que haxa un mediador e que se siga a negociar é positivo. Indica que houbo momentos difíciles cando foi o concurso de acredores no ano 2013 e que o Alcalde estivo sempre do lado dos traballadores para apoiar o mantemento dos seus postos. Dí que o



importante non é a empresa, senón as persoas que alí traballan e debe chegarse a un acordo que sexa bo para elas e para os que accedan a traballar na empresa.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a Xunta de Galicia aportou cartos no seu intre pero non se interesou en controlar o destino deses cartos e agora se pretende deteriorar os dereitos dos traballadores. Insiste en que se hai bos postos de traballo vai a repercutir positivamente na sociedade, neste caso en Redondela.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que non se pode precarizar os postos de traballo cousa que se está a facer dende que comenzou a crise coas persoas máis desfavorecidas.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que o maior valor dunha empresa son os seus traballadores e gustaríalles tirar abaixo a reforma laboral .

A concelleira AMOEDO DASILVA di que se é necesario o Alcalde está a disposición dos traballadores para resolver esta cuestión xa que é un tema moi importante para que os postos de traballo se manteñan de xeito digno e o conflito se resolva no menor tempo posible.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a moción a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

5.3.3. Moción do Ps De G-Psoe sobre os Centros de Información da Muller

Moción do grupo PSdeG-PSOE do día 20/01/2017 con número 973 que se transcribe a continuación:

“As políticas de apoio a muller e contra a violencia machista son unha competencia da administración autonómica que veñen sendo exercidas polas autoridades municipais en moitos concellos a través dos Centros de Información da Muller (CIM).

Dende estes centros as mulleres son informadas e asesoradas en diversos aspectos que van dende temas legais ate a asistencia de psicólogas ou psicólogos. Estes centros dependen dos propios concellos aínda que contan cun sistema de axudas e subvencións que dependen do Fondo Social Europeo, nun 80% e da administración autonómica nun 20 %, cantidades que varían dependendo de cada un dos orzamentos da Xunta.

Recentemente vimos como un CIM na provincia de Pontevedra tivo que realizar una reestruturación dos seus servizos por un conflito laboral co seu persoal que databa do ano 2006, derivado da tramitación de prórrogas irregulares de contratos xa advertidas polos técnicos municipais, e que neste momento está en litixio xudicial.

A situación creada por unhas subvencións para o persoal e o mantemento do centro que varían de ano en ano, fan case que imposible o afrontar un servizo permanente que obriga a os concellos en moitas ocasións a cubrir o déficit do servizo con achegas propias dos seus orzamentos sen ser unha competencia municipal.



Dende o Partido Socialista vimos mantendo a necesidade de que as políticas de igualdade e atención as vítimas de violencia machista deben quedar fora dos recortes que nos últimos oito anos veñen sufrindo os orzamentos da Xunta en mans do Partido Popular. E igualmente consideramos que é a Xunta de Galicia a administración que debe desenvolver as súas competencias e non descargar sobre as entidades locais a responsabilidade de executalas.

De feito, a propia Xunta de Galicia a finais do ano pasado promulgaba un decreto que supón novas obrigas para os Cimase ao incluír a atención asesoramento ao colectivo de persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais, tanto individualmente como ás asociacións que o demanden. Isto suporá unha maior carga de traballo para estes centros pero, en ningún momento se regula unha ampliación de nova financiación para a contratación de persoal.

Por iso entendemos, necesario e urxente que se configure unha rede integral e equilibrada de CIM'S en todos os concellos da Comunidade Autónoma para que todas as mulleres, independentemente de onde vivan, teñan acceso aos mesmos servizos e non corran riscos polas dificultades dos concellos para prestar un servizo básico como é a información e asesoramento á muller.

Asemade, a Xunta debe asumir completamente as súas competencias nesta materia asegurando o financiamento dos CIM existentes xa que, a día de hoxe, as axudas que lles chegan aos Concellos non teñen data fixa e varían a contía cada ano, xerando inseguridade no financiamento e dotando de escasos recursos para poder prestar un servizo adecuado que debería incluír inversións en dinamización e prevención da violencia de xénero.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal os seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a que configure unha rede autonómica integral, permanente, equilibrada e sostible de CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER para garantir a atención as mulleres en todos os concellos de Galicia.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a que faga unha dotación económica suficiente para o bo funcionamento destes centros que garanta as necesidades de persoal e mantemento das instalacións que os concellos poñan a disposición dos CIM, e que teña continuidade e estabilidade mais alá do horizonte temporal, fixado para o ano 2020, do Fondo Social Europeo. Sobre todo cando se amplía a súa atención a outros colectivos.
- 3.- Dar traslado á Conselleira de Benestar Social e o Presidente da Xunta do acordo deste Pleno."

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a moción ten toda a razón de ser porque aínda que estes centros foron iniciativa dos concellos deben ser asumidos pola Xunta de Galicia que ten que establecer unha dotación orzamentaria para que poidan desenvolver o seu traballo axeitadamente. Dí que no CIM hai tres traballadoras que atenden uns mil casos por ano, o que se relaciona coa desgraciada problemática da violencia de xénero. Significa dúas cousas: que hai unha empresa de seguridade nos



servizos sociais cun impacto que pode condicionar o uso do servizo e non lle parece doado. Tamén salienta que os servizos sociais deben trasladarse os servizos aos baixos de Regojo o máis axiña posible.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que prefiere escoitar á voceira do PP antes de opinar.

A concelleira PARIS BLANCO di que sorprendeulle a moción dado que o PSOE foi o que creou o servizo e algunhas das cousas que poñen na exposición de motivos como o do conflito laboral, é unha cuestión allea a este Concello. Dí que si se está potenciando o CIM é ilóxico pedir que sexan outros os que decidan cómo se desenvolve o servizo e considera que o financiamento non o é todo xa que estes centros poden acadar recursos non sómentes da Xunta senón tamén doutras administracións. Non entende o prantexamento e van votar en contra. Dí que se trata dunha atención directa ao cidadán incompatible coa dependencia doutra administración.

A concelleira REY GÓMEZ di que parece que non lles afectan as actuacións do PP impugnando a lei de igualdade e facendo recortes no financiamento con esta finalidade. Dí que a concelleira do PP falou ela mesma de competencia impropia e o que pretende a moción é que se faga unha actuación integral xa que hai moitos concellos, 27 nesta provincia, que non teñen CIM e desexan que os que hai sexan permanentes e teñan futuro xa que no ano 2020 rematan os fondos europeos.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG oponse totalmente ao prantexamento da concelleira do PP xa que o goberno da Xunta ten que marcar as pautas básicas e non ir por detrás das demandas cidadáns como fai habitualmente. Dí que a capacidade de moitos concellos non permitiría que exista un CIM e moita xente non pode beneficiarse dos mesmos. A estes efectos os considera moi necesarios e dí que teñen que ser asumidos pola Xunta para establecer unha política común desenvolvendo unha estratexia clara. Apoian a moción.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que é curioso que o PP non queira que o seu partido na Xunta leve estas cousas. Votarán a favor.

A concelleira PARIS BLANCO di que segue sen ver lóxica a moción xa que se trata de que outros monten o servizo aportando o concello nada máis que o persoal. Considera que foi presentada porque lles deron ordes de facelo en todos os concellos e a situación de Redondela non é a que se reflicte na mesma. Dí que a rede xa funciona e incluso está claro cómo ten que funcionar naqueles casos en que non hai CIM. Indica que o BNG afirmou neste mesmo pleno que non estaba a favor de que se quitaran as competencias dos concellos sobre servizos sociais cando foi a aprobación da lei de modernización local.

A concelleira REY GÓMEZ di que o PP dixo tamén que a competencia sobre becas educativas é impropia. Sinala que Mos, que é do PP, non ten CIM e refírese a unha situación extrana creada en Pontecaldelas. Insiste en que se é unha competencia impropia debe asumila a Xunta.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a moción a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por

Concello de Redondela



sendo 12 votos a favor (6 do PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleira non adscrita) e 9 votos en contra do PP.

5.3.4. Moción do PS de G-PSOE e a concelleira non adscrita Quintáns Costoya sobre O Rebullón.

A concelleira RIVAS GÓMEZ admite que sexa lída exclusivamente a moción da concelleira non adscrita por coincidir fundamentalmente coa presentada polo PS de G-PSOE sobre o mesmo tema.

Moción da concelleira non adscrita do día 24/03/2017 con número 4.161 que se transcribe a continuación:

“Sabido é que o edificio e entorno do Rebullón é un ben Público ubicado no Concello de Mos e xestionado pola Xunta de Galicia.

O peche do antigo hospital do Rebullón, en xaneiro do 2016, cun total de 25.666 metros cadrados de construción, rodeado por 6 hectáreas de terra supón ter un edificio con moitas posibilidades de uso. O uso actual é de menos de 16.000 metros cadrados; a inmensa maioría deste uso está en anexos ao edificio principal: dependencias da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) e Almacén de Historias Clínicas. O edificio Principal está destinado maiormente á almacenamento de mobiliario e equipamento sanitario en diferentes grados de conservación e unha mínima parte é a base da ambulancia medicalizada do 061.

O deterioro do Edificio e entorno xa se observa e acrecentarase co paso do tempo se non se toman medidas de recuperación e uso activo de este importante recurso propiedade da Xunta de Galicia.

Existen carencias de servizos públicos sociosanitario na Comarca e en Galicia 1.700 persoas agardan por unha praza nunha residencia para maiores: coa habilitación de este edificio poden paliarse as necesidades neste sentido e outros, tales como Centro de Día, Atención á muller etc etc

Este edificio público, está nun entorno natural moi agradábel con numerosos espazos verdes , nun lugar tranquilo con amplo aparcadoiro, fácil acceso para os veciñ@s da comarca polas seguintes características: ampla vía diante, tránsito do transporte público con paradas no cercano Alto de Puxeiros, e na cercanía dos pasos e cruces das Autovías A55, AP9, AG57; todo esa excelente accesibilidade facilitará o servizo público que nel se instaure.

Neste momento está pendente de definir o destino de este edificio; sobre ese aspecto o director da área de saúde de Vigo, Felix Rubial, manifestou cando se fixo o traslado do Psiquiátrico o seguinte: *“considero que é “a sociedade” quen debe decidir cal é destino..”*

Consideramos qué é o momento de definir o destino e que os veciñ@s do noso Concello e comarca poden beneficiarse enormemente da implantación de servizos de atención pública sociosanitaria neste edificio e que a calquera demora na recuperación (actualmente máis dun ano) dificulta e encarecerá a adecuación.



POR TODO O ANTERIOR PROPOMOS AO PLENO O SEGUINTE ACORDO:

Instar a Xunta de Galicia que en breve prazo leve a cabo a recuperación do antigo Hospital do Rebullón e organice a implantación de servizos sociosanitarios públicos como poden ser Residencia Xeriátrica, Centro de Día etc que beneficien aos veciñ@s da comarca e de Galicia. ”

INTERVENCIONS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o Rebullón era un nome denostado, coas connotacións negativas dun macrocentro psiquiátrico e refírese a que hai 25 anos en Redondela houbo unha iniciativa para acadar a integración no seu entorno das persoas con problemas mentais, nacendo a asociación Lenda que está a desenvolver unha labor fundamental. Ten dúbidas porque O Rebullón é moi grande e non lles gustaría que se convertira nunha cousa similar ao que había xa que non é o que demanda unha sociedade moderna. Considera que é un recurso que está ahí e debería dárselle unha finalidade social e dende esta perspectiva apoia a moción aínda que con certo reparo.

O concelleiro CRESPO ABAL di que apoian a moción e desexan que vaia adiante o que nela se propón.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que hai que buscar un contido para este tipo de edificios que están vacíos e sen uso antes de que se deterioren. Indica que Cogami ten alí implantados varios servizos: centro de día, ocupacional....etc e tamén hai material almacenado para hospitalización a domicilio, cadeiras de rodas e outros aínda que é certo que queda espazo público. Considera que se lle está a dar un bo uso.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que debe dárselle ao centro un uso social.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que a exposición de motivos das dúas mocions é a mesma. Dí que queren que esas instalacións se utilicen para fins públicos cen por cen xa que Cogami é unha asociación sen ánimo de lucro pero non pública. Dí que faltan residencias xeriátricas e para persoas con discapacidade intelectual, xa que a política da Xunta é xuntar a todos no mesmo sitio. Esperan que a Xunta se mova con estas mocions que están a aprobar moitos concellos. Refírese tamén ao abandono do antigo colexio de Trasmañó.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non lle vale que se cambien uns usuarios por outros dado que o abandono dos servizos públicos provoca disfuncions. Insiste en que non está de acordo con que se creen grandes residencias polo que aínda que apoia a moción o fai con moita prudencia.

O concelleiro CRESPO ABAL di que a voceira do PP dixo cousas que xa están na exposición de motivos da moción e que quedan uns 10.000 metros do edificio por utilizar e o que se pide é que se lle dea uso.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que detallou os servizos que presta Cogami porque na moción somentes consta de xeito xenérico. Dí que todo necesita un tempo



e que están a falar de servizos públicos. Están de acordo co expositivo da moción e con que se lle dea un uso ás instalacións.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que a finalidade que se pretende é un uso sociosanitario.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que o PP non aposta polos servizos sociosanitarios e o que queren é que ese edificio teña un uso.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

5.3.5 Moción de AER Sobre o Servizo de Recadación.

Moción do grupo AER do día 24/03/2017 con número 4.173 que se transcribe a continuación:

“O día 22 de Marzo de 2017 rematou o actual contrato de *“colaboración na xestión tributaria, censal, inspectora, catastral e recadadora”* do Concello de Redondela, contrato que databa de Marzo de 2011, cunha duración de catro anos mais unha prórroga de dous.

No mes de Decembro de 2016 iniciouse o expediente para un novo contrato baseándose nun informe do servizo de Tesourería no que se sinala que *“o Concello de Redondela carece dos medios persoais e materiais que lle permitan o desenvolvemento”* deste servizo.

Para non ter que debater en pleno esta contratación, o equipo de goberno reduciu a duración do contrato a dous anos prorrogables a dous mais (1+1). Desta forma, evitan o debate plenario xa que a competencia de contratación pasa do Pleno do Concello ao Alcalde (neste caso e ao ter delegada a competencia, pasará a Xunta de Goberno).

Dende AER avogamos pola remunicipalización dos servizos públicos esenciais do Concello, auga e lixo; e mirábamnos cara o servizo de recadación como o inicio da posibilidade de que os servizos que presta o Concello os xestione directamente o Concello.

Ante a imposibilidade de que este contrato pase polo pleno e todos os grupos deamos a nosa opinión sobre o mesmo, a Agrupación de Electores de Redondela trae esta moción para ter o debate que nos usurpou o goberno local; e propoñemos ao pleno do Concello de Redondela o seguinte acordo:

Remunicipalización do Servizo de xestión tributaria, censal, inspectora, catastral e recadadora do Concello de Redondela.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor da moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que comparten moitas das cuestións que se recollen na moción e considera que os servizos de limpeza de edificios ou axuda no fogar tamén deberíanse prestar directamente polo Concello. Indica que ao Concello lle supón máis de 300.000 euros. Sinala que a pesares de que o PP presume de



transparencia fai este tipo de cousas, aínda que a lei lle ampara. Desexa engadir á moción que se garanta o mantemento dos actuais postos de traballo.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que con esta moción debe darse conta o PP de que goberna en minoría e non pode limitar o debate no pleno. Refírese aos acordos adoptados polo pleno con respecto a outros servizos como o da auga ou o da piscina de Chapela. Dí que apostan pola xestión pública dos servizos e que ao PP non lle interesa traer ao pleno este tipo de contratos.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a moción fala de remunicipalizar un servizo que xa é municipal e que no expediente de contratación figura un informe da tesoureira do mes de novembro sobre as posibilidades de xestión do servizo no que aclara esta cuestión sinalando que as únicas alternativas son a xestión directa ou a xestión polo ORAL. Sinala que é un contrato de colaboración na xestión tributaria porque é necesario dado que non se conta cos medios necesarios para prestar o servizo. Indica que o contrato é a mellor das opcións en función dos custes de persoal, ferramentas informáticas...etc que sería preciso implantar. Dí que o servizo se está a prestar axeitadamente xa que si se fixera a través do ORAL custaría máis de cen mil euros máis. Indica que non tratan de ocultar nada porque é legal e o goberno actúa nas súas competencias e que cando estaba o PSOE gobernando había outra empresa que traballaba nunha dubidosa legalidade. Non entende que o voceiro do BNG pida que o persoal se manteña, sen realizar probas de ningún tipo.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que o informe da tesoureira parécelles inxusto xa que fala dos gastos da remunicipalización pero non dos posibles beneficios para o Concello. Non lle parece que sexa un servizo municipal. Considera que debería estudiarse a viabilidade e facer unha memoria técnico política para determinar cal é a maneira máis eficiente de prestar o servizo. Dubida que a empresa non exercite a autoridade cando ten toda a información.

A instancia do Alcalde, o Interventor explica que a recadación tal e como está funcionando agora é un servizo xestionado directamente polo Concello.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o que está claro é que o PP viu ao Concello a privatizar servizos. En canto ao encarecemento do servizo dí que se os traballadores pasan a ser traballadores do Concello terían salarios dignos. Considera que o Concello non controla os servizos que prestan empresas privadas.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que non poñen en dúbida que o contrato sexa legal pero non é transparente. Indica que o contrato custará ao Concello máis de un millón e medio de euros máis IVE e que como xa está licitado non podería darse curso a moción ata dentro de dous anos.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que cando gobernan fan unha cousa e cando están na oposición todo lles vale. Indica que se o PP está agora gobernando fai o mellor para o Concello porque creen que teñen que dar un bo servizo aos cidadáns. Indica que nos concellos de Vigo e Pontevedra está todo privatizado. Insiste en que o servizo non se pode municipalizar porque xa é municipal.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que non pretenden que se municipalicen os servizos por capricho. Indica que o informe dí que o servizo prestaríase con 11 persoas e 20 licenzas de software que non sería sómentes para o servizo de



recadación. Refírese ao beneficio da empresa de recadación, por riba dos 300.000 euros, e dí que no caso do software non se pediron máis orzamentos e cecais poidera haber outras alternativas.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que queren propor unha enmenda ao acordo para establecer que se realice un estudo para analizar a remunicipalización do servizo de xestión tributaria, censal , inspectora, catastral e recadadora do Concello de Redondela.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que está de acordo na proposta do PSOE pero aínda que pola secretaria se lle informa que son algo contradictorios, insiste en que no acordo consten os dous puntos

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a moción a votación transcrita anteriormente, co engadido proposto polo PsdGPSOE, apróbase sendo 12 votos a favor (6 do PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleira non adscrita) e 9 votos en contra do PP, xunto co engadido proposto polo PsdG-PSOE: “establecer que se realice un estudo para analizar a remunicipalización do servizo de xestión tributaria, censal, inspectora, catastral e recadadora do Concello de Redondela.”.

Explicación de voto: A concelleira AMOEDO DASILVA di que non apoian que se municipalice un servizo que xa é municipal. Estarían de acordo se o acordo fora exclusivamente para acordar o proposto polo PsdG-PSOE a fin de realizar un estudo para valorar as alternativas posibles.

5.3.6. Moción do BNG sobre Concerto Para Financiar Servizos Públicos Básicos de Galicia.

Moción do grupo BNG do día 16/02/2017 con número 2.189 que se transcribe a continuación:

“O actual sistema estatal de financiamento autonómico, vixente desde 2009, amosou a súa ineficacia para atender os servizos públicos básicos durante a crise.

A *Conferencia de Presidentes* que tivo lugar en xaneiro de 2017 unicamente acordou iniciar os traballos para a súa revisión, xa que desde 2014 estaba prorrogado por decisión unilateral do Goberno central. As conclusións deste cónclave deixan entrever que o Goberno central e os gobernos das comunidades autónomas presentes non teñen interese en facer unha revisión a fondo do sistema de financiamento, mantendo en mans da administración central do Estado a maior parte da capacidade fiscal e recadatoria.

O BNG acredita en mudar o actual modelo de financiamento, onde Galiza recibe o que se acorda desde Madrid, sen capacidade para exercermos unha política fiscal propia. O proceso consecuente coa descentralización competencial habería de configurarse arredor do principio polo cal a quen lle corresponde manter os servizos esenciais para a maioría social, tamén ha de ostentar a responsabilidade da política fiscal. Nestes momentos, a Xunta de Galiza, en virtude da descentralización competencial, é titular dos servizos básicos; sanidade, educación, servizos sociais, ou dependencia, co que destina a maior parte do seu orzamento de gastos a políticas sociais. O propio



Goberno galego actual cifra en 7 de cada 10 euros a porcentaxe de fondos do orzamento da Xunta destinados a políticas sociais e, non obstante, a pesar de exercer as competencias nos servizos públicos básicos e do gasto social, non ten capacidade para responsabilizarse do ingreso para financeiro. Así, no que atinxe aos ingresos, case 2 de cada 3 euros do orzamento da Xunta de Galiza dependen do sistema de financiamento común, cuxas decisións fundamentais determina o Estado. Dunha banda, pola capacidade á hora de fixar os mecanismos do reparto, pois o Estado ten os mesmos votos que o conxunto de todas as comunidades autónomas no Consello de Política Fiscal e Financeira. Doutra banda, por que estes recursos teñen orixe na política fiscal, cuxo deseño e aplicación a través da regulación e recadación dos principais tributos tamén exerce o Goberno central-

Se Galiza optase por un sistema de concerto económico co Estado español, sería a Xunta de Galiza, como administración responsábel de cada un dos servizos públicos básicos, quen decidise o diñeiro destinado a estes e responsábel de decidir sobre os impostos. Iso suporía que as persoas obrigadas pola imposición fiscal poden identificar con maior clareza o custo-beneficio do gasto público. Certamente, cun sistema de concerto para Galiza avanzamos á hora de decidir por nós mesmos/as, mais tamén nos convén do punto de vista económico, tamén gañamos diñeiro para atender as competencias do noso país.

O BNG aposta por un sistema máis racional e transparente do punto de vista económico que o actual, centralizado e controlado desde o Estado que logo reviste coa denominada “solidariedade interterritorial”, que nunca tivo unha demostración empírica da súa aplicación.

Fronte ao actual sistema de financiamento autonómico só dous territorios tiveron un sistema de concerto co Estado, e nunca entraron nas leas sobre a suficiencia do modelo, as eivas para financiar os servizos básicos, ou outras similares. Ao contrario, os modelos de concerto vasco e navarro atinxiron sempre alto nivel de consenso entre as administracións implicadas, e conseguiron ademais que as facendas destes territorios gozasen dunha maior suficiencia financeira, e mesmo acreditaron unha maior eficacia á hora da aplicación da política fiscal.

Por iso queremos un financiamento propio para o noso país, con plena capacidade para deseñar a política fiscal. Sen política fiscal propia, sen un modelo onde a xestión do gasto vaia ligada á do ingreso, sen Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos, non hai garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos nin do deseño dunha política económica propia de políticas acaidas de estímulo aos nosos sectores produtivos. Non pode haber redistribución social se non podemos incidir directamente cunha política fiscal deseñada e xestionada desde Galiza.

O sistema de concerto permite mellorar o financiamento dos servizos básicos, ampliar as competencias asumidas para incorporar á administración galega (salvamento marítimo, policía galega, etc); e, sobre todo, asumir a administración do financiamento dos concellos de Galiza e unha distribución acorde á realidade local galega e superar o actual reparto discriminatorio do Estado que para concellos de menos de 75.000 habitantes non ten en conta os maiores custos que supoñen a dispersión xeográfica e o avellentamento, ou premiando a concentración poboacional de Madrid, Barcelona ou Valencia, en detrimento de Vigo, A Coruña ou Ourense.

Tamén se evitaría que se dese preferencia desde o Goberno central a destinar os nosos impostos para rescatar a banca privada, manter o avultado financiamento de

Concello de Redondela



defensa e armamento militar ou soste un aparello burocrático centralizado sen vinculación coa prestación de servizos.

Fronte á idea dunha Galiza deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos, apoiar aos sectores produtivos, e mesmo mellorar o financiamento dos concellos galegos en base a un reparto con criterios propios.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes, **ACORDOS**

1. Instar ao Goberno galego a:

a) Defender un novo acordo de financiamento para Galiza, baseado no concerto económico, na atribución a Galiza da plena capacidade normativa e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, para asegurar a consecución efectiva do principio de progresividade fiscal no sistema impositivo.

b) Demandar, con base no modelo de concerto económico, a territorialización completa dos tributos do sistema fiscal soportados en Galiza, con capacidade normativa plena para os adaptar ás necesidades de Galiza e para dotar o goberno galego dun elemento esencial de autogoberno: a política fiscal.

c) Impulsar a creación dunha Axencia Tributaria Galega, que terá capacidade para a organización e o exercicio de todas as funcións propias da xestión tributaria (exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección), como única administración responsábel, de todos os tributos soportados en Galiza. Esta Axencia será a encargada de levar a termo:

- A transferencia dos recursos necesarios desde Galiza ao Estado en concepto do custo das competencias e dos servizos comúns prestados que afecten a Galiza, que será fixada con carácter plurianual e revisábel en función de criterios e parámetros obxectivos.

- A transferencia aos concellos galegos, con base nun modelo propio de financiamento local, dos recursos necesarios para atenderen as súas competencias e servizos locais con criterios propios que permitan unha adaptación ás características do territorio e da organización local galega.

d) Promover a creación dun mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que sirva de elemento verdadeiro para a redución das actuais diferenzas nos niveis de servizos e infraestruturas e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os diversos territorios do Estado.

2. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno galego, ao presidente do Parlamento de Galiza e ás persoas portavoces do grupos parlamentares.”

INTERVENCIONS:

O concelleiro CRESPO ABAL di que apoian a moción.

O concelleiro ARAUJO FIGUEROA dí que non vai a apoiar a moción xa que apostan por un reparto equitativo entre as comunidades do Estado.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o BNG quere a independencia de Galicia do



Estado e non ten nada que ver co prantexamento do PP. Neste sentido está de acordo co PSOE. Considera que a proposta non é boa para Galicia e defenden un modelo mellorable e consensuado entre todos.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que se compartira os argumentos do PSOE e o PP non estaría no BNG. Dí que a recadación do Estado en Galicia é duns 11.000 millóns de euros e somentes se reinvirten uns 7.000 millóns euros. Indica que hai empresas que producen aquí, xeneran moitos ingresos pero logo deixan en Galicia o impacto ambiental da produción. Sinala que o país non é pobre senón está empobrecido polo PP e Feijoo non é máis que un delegado do Goberno e considera que Galicia ten capacidade para gobernarse por sí mesma.

O concelleiro CRESPO ABAL di que están de acordo pero pensan que nese caso ía seguir gobernando o PP.

O concelleiro ARAUJO FIGUEROA dí que os especialistas en dereito tributario das universidades galegas non comparten contidos como os da moción que por outra banda é inconstitucional. Sinala que os indicadores tampouco danlle a razón.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que na moción se recoñece que a Xunta gasta en políticas sociais e indica que Feijoo ven de gañar por maioría absoluta as eleccións autonómicas e esa é a realidade. Lembra o tempo do goberno bipartito na Xunta e considera que o importante é negociar e acadar avantaxes para Galicia.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non cre que os votantes de AER sexan independentistas pero actúan con lóxica ao votar a favor da moción. Insiste en que Feijoo non prioriza a Galicia cando negocia co goberno central e non está a por solucións. Dí que o PP podería xestionar os recursos que agora está a reclamar.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a moción a votación segundo o detalle contido na proposta, rexeitase sendo 15 votos en contra (9 do PP e 6 do PSOE) e 5 votos a favor (4 de AER e 1 do BNG).

5 . 4 Rogos e preguntas.

Pregunta AER s/ Ampliación do entorno do CEIP Outeiro das penas de Cesantes. (Rex. Entrada 27.03.2017, 2017-E-RC-4.259).

“Tanto no consello parroquial de Cesantes como no consello parroquial do Viso, tal como os respectivos presidentes aquí presentes teñen constancia, a veciñanza ten demandado a ampliación do entorno do colexio público Outeiro das Penas de Cesantes, xestionado a adquisición de parcelas colindantes co propio colexio. Deste xeito poderíase regular a entrada e saída dos autobuses escolares, dotar a zona de aparcadoiro exterior e mellorar a seguridade viaria do entorno do colexio :

En virtude do anteriormente exposto realizamos a seguinte pregunta:

- Que xestións ten desenvolto o goberno local para que os terreos colindantes co colexio Outeiro das Penas poidan empregarse de aparcadoiro, así como para regularizar o movemento de vehículos nos horarios de entrada e saída das cativas/os?”



Resposta: A concelleira BARCIELA BARROS di que están a tratar o tema cos veciños e solicitando a cesión duns terreos expropiados por Fomento a fin de poder acondicionalos.

Pregunta AER s/ Emprego Palco Homologado. (Rex. Entrada 27.03.2017, 2017-E-RC-4.260).

“Ben coñecido é o grandísimo potencial musical e artístico que posúe o noso concello e a comarca, con numerosas iniciativas autopromovidas e autoxestinadas de carácter cultural, e en concreto, de carácter musical e das artes escénicas. O nome de Redondela é recoñecido polo nivel e calidade de diversos festivais organizados por colectivos, asociacións e centros culturais da vila e parroquias que lograron nos últimos 20 anos diferenciar a Redondela como un motor cultural relevante na provincia de Pontevedra.

Tendo en conta que o Concello de Redondela é a administración pública que entre as súas funcións recae a promoción e difusión cultural en tódolos eidos e disciplinas e en todo o territorio do concello, así como apoiar ás iniciativas sen ánimo de lucro que nacen directamente da súa veciñanza. Que tamén debería axudar directamente coa loxística que poida proporcionar en función dos seus recursos, a entidades, asociacións e centros socioculturais do concello de Redondela que programan eventos e festivais; sobre todo naqueles casos nos que a súa actividade desinteresada suple nichos de programación cultural que o Concello de Redondela non dá cuberto, por exemplo en parroquias.

Tendo e conta o anterior e tendo constancia que o Concello de Redondela vai proceder a adquirir un palco homologado de cara a mellorar a dotación propia en infraestrutura, realizamos a seguinte pregunta:

- O novo escenario homologado que adquirirá o Concello de Redondela poderá ser empregado baixo petición por aquelas entidades sen ánimo de lucro que organizan festivais e eventos culturais en Redondela, e o precisen?”

Resposta: A concelleira PARIS BLANCO di que cando sexa adquirida vai a ser para os actos programados polo Concello

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e corenta e sete minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-